



Galicia

**GALICIA**  
**LABORAL**

Diario dixital da UGT de Galicia

**LOITA**  
**polo TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 739 Semana do 17 ao 23 de xullo de 2017

**UGT OUTORGARÁ UN SELO DE CALIDADE OU DE DENUNCIA CONTRA A EXPLOTACIÓN LABORAL****UGT PRESENTA A CAMPAÑA "PREARIO NON, GRAZAS" CONTRA AS MALAS PRÁCTICAS DAS EMPRESAS MULTISERVIZOS NO NOSO PAÍS**

**Redacción.-** O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, xunto aos secretarios de Acción Sindical das tres federacións do sindicato (FeSP-UGT, UGT-FICA e FeSMC-UGT) -María Jesús Díaz, Jesús Ordóñez e Santos Nogales, respectivamente-, presentaron a campaña "Precario NON, Grazas" contra as malas prácticas das empresas multiservizos no noso país.

O sindicato vai outorgar un selo ou certificado de calidade ás empresas que mellores condicións laborais teñan e denunciarase publicamente a aquelas empresas que abusen dos traballadores ou realicen prácticas de explotación laboral.

**A gran maioría dos empregados das multiservizos ten un salario ao límite do SMI**

"A gran maioría dos traballadores destas empresas ten un salario de 10.000 euros anuais, ao límite do Sa-

lario Mínimo Interprofesional; teñen xornadas cun número elevado de horas de traballo e con condicións de escravitude ou semiescraitude", asegurou Gonzalo Pino.

"Empresas que ven como a reforma laboral deulle ás e un campo de actuación enorme para desregular as condicións de traballo, porque non se ciñen a ningún convenio sectorial, senón que desenvolven convenios de empresas". Ademais, "as grandes empresas deste país tamén teñen moita culpa no desenvolvemento das multiservizos, na súa procura extrema de abaratar custos, que ao final están a pagar os traballadores".

Gonzalo Pino sinalou que UGT ten contabilizadas unhas 251 empresas multiservizos que poden estar desregulando as condicións duns 50.000 traballadores neste país. "Impugnamos xa preto de 50 convenios deste tipo e imos continuar nunha actitude de confrontación e denuncia cara a estas empresas".

"Conseguimos que se presente unha proposición de lei no Congreso en relación coa situación destas empresas, aínda que non sabemos se prosperará ou non porque o Goberno mantén bloqueada calquera iniciativa no Congreso", manifestou.

Ademais, "imos poñernos en contacto coas empresas do Ibex-35 e cos concellos e administracións públicas para que entendan que hai outras vías para reducir custos e aumentar a competitividade".

O secretario de Política Sindical de UGT afirmou que "non imos permitir que se siga avanzando na figura do traballador pobre, moi relacionado con este tipo de empresas, que tentan establecer un mercado laboral máis parecido ao de África que ao de Europa".

Por iso, "imos crear un ranking público das empresas multiservizos, coa valoración das nosas federacións sectoriais", co fin de que todo o mundo coñeza a realidade destas empresas.

## SEXTA XORNADA DE FOLGA NO METAL DE A CORUÑA

**Redacción.-** Onte foi a sexta xornada de folga protagonizada practicamente polo cen por cento dos traballadores do sector do metal da provincia de A Coruña. De seguir sen ratificarse un acordo coa patronal, o vindeiro xoves, día 27, está prevista unha nova convocatoria.

### Máis de 18.000 traballadores afectados

Lembrar que esta convocatoria, realizada por UGT, CCOO e CIG, afecta aos máis de 18.000 traballadores do sector na provincia.

Dende UGT-FICA instan á patronal a que cambie de actitude e poña fin ao inmovilismo, os bloqueos e os vetos na negociación dun convenio que xa caducou no 2014.

As xornadas de folga estiveron acompañadas de mobilizacións que contaron cun importante respaldo que anima a continuar coa presión ata pechar un acordo.

Chegou a hora de ratificar un convenio que retome os dereitos perdidos con tantos anos de parálise e recortes.

UGT-FICA pídelles aos empresarios que se abran a falar de todo e que non poñan tantas liñas vermellas que imposibilitan o acordo e que entre todos debería traballarse para evitar entrar no mes de agosto sen un acordo asinado.



## FE SP ORGANIZA EN VARIAS CIDADES E VILAS GALEGAS ASEMBLEAS INFORMATIVAS PARA EXPLICAR COMO PODERÁN ACCEDER OS POLICÍAS LOCAIS Á XUBILACIÓN ANTICIPADA

**Redacción.-** Ao longo destas dúas últimas semanas FeSP organizou en varias cidades e vilas galegas asembleas informativas nas que se lles explicou aos policía locais como se aplicará o Real Decreto que lles permitirá acceder á xubilación anticipada, Decreto que a día de hoxe aínda está en fase de borrador pero que se prevé que entre en vigor o día 1 de febreiro de 2018.

O dereito á xubilación anticipada quedará regulado mediante coeficientes redutores que se aplicarán en cada caso individualmente dependendo da idade do traballador,

dos anos cotizados en xeral e, concretamente, dos anos cotizados como funcionario da policía local.

Precisamente, este último aspecto, a cotización como policía local, é o que influirá máis á hora de poder acollerse a esta medida que dará a posibilidade, como moito, de adiantar a idade de xubilación en cinco anos, excepcionalmente en seis no caso de aqueles traballadores que leven máis de 35 anos como policía locais.

Dende FeSP aclárase que, en todo

caso, trátase dun dereito, non dunha obriga e que será cada un dos afectados quen terá que decidir de xeito particular se se acollen á medida.

De todos os xeitos, a Federación aplaude esta posibilidade, xa que se trata dunha vella demanda do Sindicato pola que se leva moitos anos loitando.

Estas baixas, evidentemente, terán que ser repostas, xa que existe unha lexislación ao respecto que todos os concellos están obrigados a cumprir.

## OS TRABALLADORES DE SEGUR IBÉRICA MOBILÍZANSE POLA MALA XESTIÓN DO PAGO DOS SALARIOS

**Redacción.-** Os traballadores de Segur Ibérica protagonizaron este xoves sendas concentracións en A Coruña e Vigo, fronte ás respectivas sedes de PricewaterhouseCoopers (administradora concursal), para amosar a súa repulsa pola mala xestión no pago dos salarios, tanto por parte da dirección da empresa, como por parte da encargada de administrar o concurso



de acreedores no que se está inmerso.

### Paga extra mes de xullo

Aos impagos de 2016 e os reiterados atrasos no abono das nóminas de 2017, agora súmaselle a ameaza de non aboar a paga extra do mes de xullo.

# AS PLATAFORMAS DIXITAIS NON SON NOVA ECONOMÍA, SENÓN NOVA EXPLOTACIÓN

**O FMI quere agora quitarlle a carteira aos nosos pensionistas**

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, afirmou que "hai que distinguir claramente entre os retos da dixitalización e o aproveitamento indebido desta nova fase. Non se pode dicir que as plataformas dixitais teñan moito que ver coa nova economía, porque se están utilizando como elementos de explotación".

Pepe Álvarez realizou estas declaracións durante o seminario "A socialdemocracia do século XXI", organizado pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP), onde sinalou que, en realidade, "estas plataformas son o equivalente na rede ao que antes eran as prazas para contratar aos xornaleiros en moitas cidades do noso país. Non é nova economía, senón nova explotación".

Neste sentido, anunciou que UGT "vai combater estas plataformas e ímoslle a declarar a guerra sen cuartel. Son artimañas para explotar aos traballadores. Non ten sentido que estas plataformas poidan introducir taxis a baixo custo sen garantías para usuarios nin para clientes. É como as empresas multiservizos, que utilizan o novo argumento para facer o máis vello que se fixo sempre, explotar".

Pepe Álvarez considerou que "esta nova dixitalización está a comportar novos elementos que teñen que ver coa perda de emprego e a aparición da máquina, que xera máis actividade con menos esforzo físico. Isto leva a expor como repartir os esforzos que xera e como repartir o tempo de traballo. Hai que desenvolver a tecnoloxía de acordo co que as sociedades poden asimilar e trasladar impostos ás novas tecnoloxías, que poden ir á Seguridade Social e que teñen que ir á repartición do tempo de traballo e melloras de calidade de vida e dereitos para o conxunto dos cidadáns".

## **CEOE debe responder xa á nosa proposta de salarios**

En relación coa situación actual da negociación colectiva, o secretario xeral de UGT afirmou que, "a CEOE debería responder xa definitivamente á proposta que lle fixemos UGT e CCOO en relación aos salarios, que é o elemento que estamos a negociar".

Ademais, "temos pendente a cláusula de revisión salarial, é o último escollo que queda. Cremos que hai que salvara para que os traballadores tamén participen da repartición da riqueza".



## **O FMI quere agora quitarlle a carteira aos nosos pensionistas**

Sobre as receitas do FMI, Pepe Álvarez espetoulles a "aplicarllas a eles mesmos. É unha desvergoña absoluta que un organismo que non soubo nin predicir nin paliar a gran crise que pasamos diga agora que queren quitarlle a carteira aos nosos xubilados e pensionistas".

Desde UGT "imos traballar para que os xubilados e pensionistas vexan revalorizada a súa pensión de acordo co crecemento dos prezos. Se non o facemos, en moi pouco tempo teremos pensionistas en situación de pobreza". Por iso, "estamos a traballar para configurar unhas marchas a finais de setembro, coincidindo cos orzamentos, para conseguir que o Parlamento do noso país introduza a revalorización das pensións na lei de orzamentos".

Ademais, "unha das cuestións que expuxemos ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social na renovación do Pacto de Toledo é que as subvencións á contratación desaparezan, que só queden aquelas que teñan relación cos colectivos que especificamente o necesiten".

"A empresa contrata a un traballador non polo custo que lle representa á Seguridade Social, senón porque o necesita. Esas subvencións non teñen ningún sentido. Se se discuten téñense que discutir nos PXE e non a través de cotizacións ao sistema", sinalou.

E incidíu, especialmente, na tarifa plana de autónomos. "Que algún grupo parlamentario lle pregunte ao Goberno cantas destas tarifas planas utilízanse para servir en Deliveroo ou para conducir un coche Uber. Se os ciclistas cargados como mulas repartindo alimentos son emprendedores,

apaga e vamos. Hai que ter moito coidado con como e que maneira utilízanse estes instrumentos. Os cidadáns non estamos a favor de que se subvencione a repartición de comida, nin o aluguer dun coche. Estamos a propiciar que isto estea a pasar e explótense aos traballadores".

Por iso, afirmou con rotundidade que "hai que ser taxativo, eliminalas e restauralas en función de criterios obxectivos e controlables".

## **É positivo que o IRPF, un imposto xeral, teña excepcións**

Preguntado pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid que exige ás prestacións de maternidade de cobrar o IRPF, Pepe Álvarez sinalou que é "positivo que se empece a determinar que o IRPF, imposto xeral, teña excepcións. No caso da maternidade, mesmo paternidade, está máis que xustificado que teña un tratamento específico. Non temos unha lei clara respecto diso, porque a facenda pública atende ás súas razóns de recadación e os tribunais teñen que facer interpretacións de normas".

Por iso, "recomendaría que se sitúe de maneira clara se este é un elemento que ten que cotizar ou non, tendo en conta que a recadación de impostos é o que nos nutre á hora de repartilos. Só ten que haber algún elemento excepcional se hai razóns que leven a iso. Se rebaixamos permanentemente a recadación de impostos nalgúns colectivos e iso non se carga sobre os colectivos que van folgados fiscalmente, non van saír as contas e vanse a recortar outros dereitos das rendas que máis o necesitan".

# AUMENTAN OS ACCIDENTES LABORAIS POLA MALA CALIDADE DO EMPREGO



**Redacción.-** Un total de 246 traballadores faleceron de xaneiro a maio de 2017 nos 535.713 accidentes laborais que se produciron neste período, un 2% máis que o ano anterior. Para UGT, este aumento continuo da sinistralidade laboral é unha mostra máis da mala calidade do emprego que xeran as políticas deste Goberno, centradas na súa reforma laboral. Políticas que permiten o desenvolvemento das empresas multiservizo, foco de desregulación das condicións de traballo, contra as que UGT puxo en marcha a campaña "Precarios NON, Grazas". O sindicato reclama un maior compromiso das empresas no cumprimento efectivo da normativa en prevención de riscos laborais e un maior control e vixilancia das administracións públicas contra as malas prácticas dalgunhas empresas, que basean o aumento da produtividade en precarizar ao máximo as condicións de traballo, sen ter en conta a prevención de riscos.

Un total de 535.713 accidentes laborais producíronse de xaneiro a maio de 2017, un incremento do 2% respecto ao mesmo período de 2016, o que supón 10.548 accidentes laborais máis.

Segundo datos publicados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social, recollidos por UGT, do total de accidentes laborais, 237.570 foron con baixa (un aumento do 5% respecto ao ano anterior) e 298.143 foron sen baixa (un descenso do 0,2%). Ademais, 246 traballadores e traballadoras faleceron nos cinco primeiros meses do ano, o que representa a mesma cifra que no mesmo período do ano 2016.

Para UGT, este incremento continuo da sinistralidade laboral supón unha mostra máis da mala calidade do emprego que xeran as políticas deste Goberno, centradas na súa reforma laboral, que o único que producen son temporalidade, precariedade e baixos salarios.

As condicións de traballo son cada vez máis precarias e a empresa tende a reducir custos que fai recaer de maneira exclusiva nos traballadores, facendo que o emprego sexa cada vez máis inseguro e nada saudable.

Por iso, o sindicato puxo en marcha a súa campaña "Precario NON, Grazas", contra as malas prácticas das empresas, en xeral, e das empresas multiservizos, en particular, que se están convertendo nun foco de desregulación das condicións de traballo.

## Industria e servizos, os sectores con máis accidentes con baixa

Desregulación que se dá, sobre todo, no sector servizos e o industrial. De feito, a industria manufactureira e o comercio por xunto e menor, reparación de vehículos a motor, son as dúas seccións de actividade que rexistran a maior cantidade de accidentes laborais con baixa, 38.836 e 28.948 accidentes, respectivamente. Os maiores incrementos son os rexistrados por Agricultura, gandería, silvicultura e pesca, cun 15,5%, seguido de construción, cun 14,3% máis.

Segundo a gravidade do accidente, dos 205.454 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, rexistráronse 1.528 accidentes graves en xornada de traballo, 87 máis que no mesmo período do ano anterior (+6%), e un total de 203 accidentes mortais en xornada de traballo, 17 máis que en igual período do ano anterior (+9%).

Segundo o Ministerio, un total de 143.870 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral (un 70%) afectaron a homes, mentres que 61.584 (un 30%) afectaron a mulleres. Rexistrándose un aumento no total de accidentes respecto ao mesmo período do ano anterior do 6,7% para os homes e do 1,2% para as mulleres.

En canto á idade, destaca a elevada sinistralidade nos mozos. Do total de accidentes producidos en xornada laboral neste período de tempo 56.667 (28%) foron sufridos por un traballador ou traballadora con menos de 35 anos. Deles, 266 foron accidentes graves e 18 os mortais. Ademais, o 59% dos traballadores/as accidentados en xornada laboral tiñan unha idade comprendida entre os 35 e 54 anos, cun total de accidentes de 120.754. Deles, 865 foron accidentes graves e 110 mortais. Os traballadores e traballadoras maiores de 54 anos sufriron un total de 28.033 accidentes laborais en xornada laboral, un 14%. Deles, 397 foron graves e 75 mortais.

A causa principal dos accidentes con baixa segue sendo os sobreesforzos físicos sobre o sistema musculo esquelético, con 79.325 casos. En segundo lugar, sitúanse os choques ou golpes contra obxecto inmóvil como caídas ou tropezos que rexistra 50.998 accidentes. A terceira causa máis frecuente de accidente con baixa é o choque contra obxectos en movemento, xerando un total de 28.879. Estes tres tipos de formas ou contactos abarcan un 77% do total dos casos. Todas estas causas son facilmente evitables se as empresas deixasen de considerar a prevención como un gasto en lugar dun investimento e implantasen medidas de seguridade adecuadas nos centros de traballo.

## Infartos e derrames, maiores causas de falecemento laboral

Do total de falecementos, 203 ocorreron durante a xornada de traballo e 43 foron in itinere. Rexístrase un incremento de 17 mortes nos accidentes ocorridos durante a xornada laboral (9%) e un descenso de 17 falecementos nos accidentes in itinere (-28,3%), comparando estes datos cos de maio de 2016.

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

As principais causas de falecemento durante a xornada laboral seguen sendo os infartos e derrames cerebrais con 96 falecementos, un 1,1% máis que en 2016, seguidos dos accidentes de tráfico (31 falecementos) e quedar atrapados, ser esmagado ou sufrir unha amputación (30 falecementos). Para UGT, estes accidentes poderían evitarse realizando unha maior prevención dos riscos psicosociais. Por iso, o sindicato esixe que as empresas teñan en conta os factores psicosociais na avaliación inicial de riscos para incluílos á vez no Plan de Prevención. E, en canto aos accidentes de tráfico, deberían promoverse boas prácticas nos desprazamentos realizados durante a xornada laboral.

Desagregando os falecementos por sectores de actividade, durante o mes de maio, atopamos que houbo 98 mortes de traballadores e traballadoras no sector servizos, 42 en industria, 33 na construción e

30 no sector agrario. Chama especialmente a atención o aumento dos accidentes mortais en construción con 10 falecementos o que supón un 43,5% máis.

En canto ao índice de incidencia do total dos accidentes de traballo con baixa laboral, é de 275 accidentes por cen mil traballadores ao mes, o que supón un 1,1% máis que no mesmo período do ano anterior. Por outra banda, as industrias extractivas é a sección de actividade que presenta o maior índice de incidencia, sendo este de 730,5 accidentes por cen mil traballadores, seguido de construción cun índice de 594,4. Os índices de incidencia que máis se incrementan son os correspondentes á agricultura, gandería, silvicultura e pesca con (40,0%); construción con (35,9%) e a industria manufactureira con (13,1%).

Por outra banda, o índice de incidencia dos accidentes mortais ascende a 0,272 accidentes mortais por cada 100.000 traballadores. O agrario é o sector co maior índice de incidencia relativo a accidentes mor-

tais sendo de 0,859, seguido moi de preto da construción (0,742) e da industria cun índice de 0,429, en último lugar como vén sendo habitual, sitúase o sector servizos cun índice de 0,170 puntos, o único por baixo da media.

Con todos estes datos, UGT reclama unha maior implicación das distintas administracións públicas, así como das propias empresas, na loita contra esta secuela social. A prevención segue sendo a mellor ferramenta que temos para reducir ou evitar os danos á saúde dos traballadores e traballadoras. Por iso, esixe ás empresas deste país un maior investimento, tanto material como humano, para desenvolver os plans de prevención nos centros de traballo, así como unha vixilancia especial da Inspección de Traballo e as administracións públicas sobre as empresas que basean a súa produtividade en desregular as condicións de traballo e aumentar a precariedade dos empregados, co fin de reducir os altos niveis de sinistralidade laboral que arrasan o noso país.

## A SENTENZA CONTRA NOGALES E RANZ LIMÍTASE A UNHA MULTA

*Recurrirán a sentenza porque non se acreditaron os feitos dos que se lles acusa*



**Redacción.-** UGT cualifica de inxusta a sentenza do Xulgado do Penal número 3 de Madrid pola que condena a Rubén Ranz e José Manuel Nogales polos delitos contra os dereitos dos traballadores do artigo 315.3 do Código penal, con pena de nove meses de multa, e de resistencia á autoridade -non atentado como pedía o fiscal- a tres meses de multa. A pesar de que a sentenza se limita a unha multa en lugar de 7 anos de prisión como pedía o fiscal, ambos os sindicalistas recorrerán a sentenza posto que consideran que en ningún caso acreditáronse os feitos polos que se lles condena.

Acábase de facer pública a sentenza ditada polo Xulgado Penal nº 3 de Madrid no xuízo contra os dous sindicalistas da

Unión Xeral de Traballadores, Rubén Ranz e José Manuel Nogales, polos feitos ocorridos durante o exercicio do dereito de folga o 29 de marzo de 2012.

A sentenza condena a ambos por dous delitos, un contra os dereitos dos traballadores do 315.3 CP, a unha pena de 9 meses de multa; e o outro por un delito de resistencia (non de atentado, como pedía o Fiscal) a 3 meses de multa; en ambos os casos cunha cota diaria de 5 euros.

Rubén Ranz e José Manuel Nogales manifestaron o seu desacordo coa sentenza porque non se acreditou en ningún caso a comisión dos feitos que o xuíz lles atribúe. Trátase, por tanto, dunha sentenza inxusta, polo que ambos van reco-

rrer a sentenza, a través dos seus avogados Manuel de la Rocha e Bernardo García.

É significativo, cando non escandaloso, que se lles condene a dúas multas de menor contía, mentres o Ministerio Fiscal mantivo, durante 5 anos de calvario para eles e as súas familias, unha solicitude de penas de 7 anos de prisión e multas moi cuantiosas.

A Unión Xeral de Traballadores seguirá insistindo e loitando, con todos os medios ao seu alcance, para derrogar o artigo 315.3 do Código penal polo que agora se lles condenou, para que os traballadores poidan exercer con liberdade o exercicio do dereito a folga.